


REPASO DA 3ª AVALIACIÓN DE 3º E.S.O.

Exercicio nº 1.-

Indica o valor dos ángulos que faltan nas seguintes figuras:



Exercicio nº 2.-

Contesta as seguintes cuestións e razoa a túa resposta:


- Se un poliedro simple ten 8 caras e 6 vértices, cantas arestas ten?
- Un ortoedro de altura 4 cm, cuxa base é un cadrado de 4 cm de lado, é regular? Como se chama este poliedro?
- Que relacións hai entre dous poliedros duais? Pon un exemplo de dous poliedros duais.

Exercicio nº 3.-

Determina a altura dun triángulo isóscele no que a base mide 18 cm e os lados iguais miden 41 cm cada un.


Exercicio nº 4.-

Determina a lonxitude da altura, H , dunha das caras laterais deste tronco de pirámide:



Exercício nº 5.-

Calcula a área da parte coloreada:




Exercício nº 6.-

Determina a área total de cada unha destas figuras:

- a) Un tetraedro de 6 cm de aresta.
- b) Un cilindro de 24 cm de altura e cuxa circunferencia básica mide 50,24 cm.

Exercício nº 7.-

Determina razoadamente o volume total do tronco de cono que se obtén ao facer xirar este trapecio arredor do eixe indicado:




Exercicio nº 8.-

Debuxa a figura, F , de vértices $A(-3, 1)$, $B(-1, -1)$, $C(-1, 3)$ e $D(-4, 3)$.


a) Obtén a figura, F' , que resulta ao aplicarlle a F unha traslación de vector $\vec{t}(7, 3)$.

b) Aplícalle a F' unha simetría cuxo eixe sexa o eixe X .



Exercicio nº 9.-

A seguinte figura mostra o momento en que se encontra unha partida de billar. Indica o percorrido que ten que facer a bóla B para darlle á bóla N despois de dar nas bandas PS e PQ .



Exercicio nº 10.-

Ao preguntarlles a 30 parellas novas sobre o número de fillos que desexarían ter, obtivemos estas respostas:

0	1	3	2	2	2	1	3	4	0
5	2	3	1	2	2	1	2	0	2
2	1	0	4	2	1	3	2	1	2

a) Resume esta información nunha táboa de frecuencias.

b) Representa graficamente a distribución.

Exercicio nº 11.-

A idade dos asistentes a unha determinada película no cine vén dada na seguinte táboa:

IDADE	0 - 10	10 - 20	20 - 30	30 - 40	40 - 50	50 - 60
N.º DE ASISTENTES	185	73	21	84	28	9

- a) Calcula a idade media dos asistentes e a desviación típica.
- b) Noutra das salas do mesmo cine, a idade media dos asistentes é de 20,5 anos e a desviación típica, de 14,3. Calcula o coeficiente de variación nos dous casos e compara a dispersión en ambos os grupos.

Exercicio nº 12.-

Nun bombo introdúcense 100 bólas numeradas do 0 ao 99. Extráese unha bóla ao azar. Calcula a probabilidade de que:

- a) A bóla extraída conteña un número de dúas cifras.
- b) O número extraído sexa menor ca 10.